

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA SUBMINISTRACIÓN DE ESTELAS DE MADEIRA PARA A INSTALACIÓN DE BIOMASA NO PARQUE DA MILAGROSA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 34-2021, por un importe total de 21.169,08 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da subministración de estelas de madeira para a instalación de biomasa no Parque da Milagrosa.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1482 de data 21/09/2021, así como RCMOD: 2021/65338 de data 21/09/2021, por importe de 21.169,08 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 21.169,08 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN S ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
16210.22799	21.169,08 €	17000.22799	21.169,08 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	21.169,08 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	21.169,08 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac712532759575158200.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 34-2021 Estelas madeira Medio Ambiente

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.